

O CARTAFOL do LÉREZ

Nº 2 · PONTEVEDRA · XUÑO 2011 · ESCRITA CREATIVA · TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

O alumnado de Pontevedra descobre a fauna máis exótica da cidade

Os nenos e nenas do CEIP Froebel participaron nun safari literario por Pontevedra e atoparon moitas especies de obxectos viventes que habitan nos fogares, nas escolas, nos comercios e nas oficinas. A lectura do libro “Manual de calzetíns salvaxes” foi a clave para descubriren esta fauna misteriosa que tan desapercibida lle pasa á cidadanía.

Culler tímida

As culleres tímidas non están feitas de metais preciosos como a prata, senón de latón, para non dar a nota. Non lles gustan as grandes ceas, prefiren estar na merenda dun naipelo.

Hai unha famosa anécdota de que unha vez unha culler tímida foi usada de truco de maxia pola tele, e fuxiu porque

non estaba segura de se o coello era boa persoa. Ten coidado cando a lavas, xa que pode fuxir porque ten vergoña a espirse en público. Normalmente reproducese con outras culleres, pero tamén con coitelos, e ten garfiños. Primeiro, ao nacer, sáelle a cabeza, e despois o corpo todo.

Nayra Alonso Louro
(CEIP Froebel, 5ºA)

Chaves despistadas

Hai moito tempo, nunha vila lonxana, habitaba unha especie nova de chaves. Estaban feitas de metal despistado, que se pode obter nunha mina, pero que é moi difícil de atopar porque se quedas con elas nunca aparecen.

Adoitan meterse no peto para logo perderse e deixarte tirado cando máis as precisas. Reprodúcense como tolas, sobre todo as dos ricos, porque teñen moitas casas. Cando colles unha chave e vas metela na porta nunca é a correcta, porque nin ela mesma sabe cal é a súa porta. Poden ser de dúas razas: hainas “atsip”, que son as que deixan algunha pista de onde están, porque búscanas e non aparecen; hainas “soantes”, que son as que soan cada vez que camiñas.

Lucía Bea García
(CEIP Froebel, 5ºA)

Xersei bailador

O xersei bailador é un animal moi común que vive en festas e discotecas. Está tecido con cordas de instrumentos. Para tecelo hai que mercar as cordas.

Descubriron tres tipos, pero hai moitos máis. Un deles é o rockeiro, baila rock e está feito de

cables de guitarra eléctrica. Tamén hai xerseys flamencos, feitos con cordas de guitarra española. Outro tipo é o do Oeste, que baila música country e normalmente leva pistola. Moitos cantantes teñen un destes xerseys porque lévanos á fama.

Manuel Omil
(CEIP Froebel, 5ºB)

Lentes mentireiras

As lentes mentireiras son aquelas nas que todo o que se ve é mentira. Hainas de moitas razas: -Lentes de sol: parece que é de noite e realmente é de día.

-Lentes 3D: parece que caen cousas enriba dun e en realidade, non.

Hai algunhas diferenzas: se pos unhas lentes, coma min, que teño, e vemos que estamos na praia e ao sol, pero en realidade sentimos frío, é que estamos na neveira.

Rafael A. Adanes Touriño
(CEIP Froebel, 5ºA)

Moeda egoísta

A moeda egoísta é unha moeda que só vale para enriquecerse, foxe das ONG. Este exemplar é de ouro, algo presumida (moi presumida). E preguntarádesvos onde vive; pois vive nos petos bastante baleiros, xa que é unha moeda multimillonaria e non son necesarias máis (moedas). É única porque non se pode reproducir e, por suposto, vive nunha carteira, pero de platino. Cando vas pagar a unha ONG, e vas de solidaria... escapa do peto!!! Pero tamén, cando vas mercar unha xoia, diche:

-Non me pagues e, se me pagas, volverei ao teu peto e denunciareite por fuxir sen pagar!
E ao final marchas sen nada. Isto si que é unha moeda mentireira, e egoísta.

Agora vouche contar unha historia dunha entrevista:

-É moi valiosa a moeda, non?

-Non, non podes pagar... E xusto nese momento sae dos petos, trábache e... acabas no hospital.



En resumo, non teñas nunca unha moeda egoísta!


Esther Yusta Arruti
(CEIP Froebel, 5ºA)

Bolígrafo meticuloso

O bolígrafo meticuloso é un animal moi manso. É de cor negra e está feito dunha pasta á que lle chaman plástico. Cóllelo e polo nunha libreta, dítalles cousas e escribe só. Cando se che olvida un boli, chamas polo bolígrafo meticuloso e, en vinte segundos, está na túa libreta. Ten un depósito dentro, como o da gasolina, pero de tinta. Unha tinta fera que, como o boli se destinte, reventa e métese pola pel. De tan ordenado que é:

-Non escribe nas marxes.
-Non escribe en sucio.
-Non escribe erros. Non escribe faltas de ortografía.
-Como escribas mentiras, chimpa no aire e pica na man.

Duran douscentos anos e, se se che acaba a tinta, recarga só e pode borrar unha goma, pero esas gomitas son moi feras. O botón de arriba de todo do boli serve para cazar as



súas presas impulsándose para arriba e provocándolles un impacto aos insectos.

Nunca está sucio, nin unha rabuñadura, e o que máis odia é que o dono o deixe na carteira da escola.

Jesús Ponto Freire
(CEIP Froebel, 5ºB)

Luvas maleducadas

As luvas maleducadas son as que che cambian o comportamento: de seres unha boa persoa, a ser un becho. Están feitas de la maleducada, que se obtén das ovelas maleducadas.

Hai que ter coidado con non levalas a sitios importantes porque empezan a insultar. Hai moitos tipos de luvas maleducadas:

-As ocosas, que son as que teñen ocos nos dedos.
-As laúdas, que son as que están feitas de la.

Estas luvas comen o bo comportamento dos nenos. Para diferencialas dunhas correntes hai que falar con alguén e, se empezas a insultalo, tes unhas luvas maleducadas; se falas normal, son correntes.

Paula Casás del Río
(CEIP Froebel, 5ºA)



ÍNDICE

PÁX. 2

EDITORIAL

O NOSO PASADO
MEDIEVAL

COLAXE XORNALÍSTICA

PÁX. 3

RECUPERANSE NOVOS
EPISODIOS DO PASADO

GALEGO
Á BEIRA DO MAR

PÁX. 4

O CARTAFOL EN IMAXES

PÁX. 6

NOVOS TOPÓNIMOS

COCIÑA CREATIVA

PÁX. 7

AUTODEFINIDO

DAMEIRO

A BIBLIOTECA

PÁX. 8

PÁXINA POÉTICA

VERSOS ROSALIANOS

LIBROS RECOMENDADOS
ANTOLOXÍAS POÉTICAS DE
CELSE EMILIO FERREIRO
E RAMÓN CABANILLAS

EDITORIAL

O CARTAFOL DO LÉREZ chega unha vez máis aos centros educativos de Pontevedra para pór de relevo o gran talento creativo do alumnado. Unhas sinxelas propostas de traballo, a partir da lectura dunha serie de libros previamente seleccionados, bastan para xerar un torrente de ideas que se verbalizan e se plasman con espontaneidade e soltura nas páxinas dos cadernos.

Nas súas tres edicións, esta publicación escolar conseguiu que os nenos e nenas imaxinaran acontecementos extraordinarios, que reinventaran a historia da cidade inxectándolle altas doses de imaxinación, ou que se achegaran non só aos contos, senón tamén aos xornais, como materia prima para crear os seus propios relatos. A poesía e a tradición oral foron tamén recursos útiles para exercitarse, nun ambiente lúdico e dinámico.

Agardamos que O CARTAFOL DO LÉREZ tanto na versión impresa como na súa extensión dixital, deixe un pouso fértil nas aulas e para que a Comunidade Escolar siga impulsando en cursos sucesivos esta actividade, cuxo xermen radica na Concellería de Educación de Pontevedra en colaboración con Kalandraka. Para que as bibliotecas escolares actúen como motor de continuidade desta campaña de animación á lectura, que trascende a propia escola para chegar tamén aos fogares e á cidadanía no seu conxunto a través da rede.

O NOSO PASADO MEDIEVAL

Creación de historias cos personaxes da baralla de naipes.

Dona Espada era unha muller á que lle gustaba ser a mellor, pero iso non era sempre posible. Un día chegoulle un telegrama que dicía: “Hai unha competición de adiviñas para homes e mulleres valentes na Biblioteca das Catro Espadas. De recompensa ao vencedor, un trofeo”. Cando Dona Espada viu o telegrama dixo:

- Esta é a miña oportunidade de ser valente e de que neste reino remate o machismo.

Entón, ao día seguinte, marchou cara á Biblioteca das Catro Espadas, que así se chamaba por un cadro enorme que había na entrada. Cando comezou o torneo, a primeira proba foi responder unha pregunta; a segunda, unha sopa de letras. Aí Dona Espada xa levaba dez puntos de diferenza cos demais. A terceira proba era unha loita con bastos, da que saíu derrotada por pouco. Entón só quedaban dous participantes: Dona Espada e o seu maior inimigo, o Señor Fogo. A derradeira proba foi unha carreira. No primeiro metro, o Señor Fogo fíxolle a cambadela e os xuíces, ao ver iso, descalificárono e así gañou Dona Espada. Pero cando subiu recoller o trofeo... acordou na súa cama! E colorín colorado, este conto está rematado.

Estrela Vilacoba Blanco
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)

Unha vez un rei tiña que facer unha viaxe para entregar seis moedas de ouro. Pero como non tiña quen o levara, contratou un cabaleiro que tiña un cabalo moi vello. Comezada a viaxe, non é que tiveran moita sorte. Primeiro acabóuselles o combustible e tiveron que parar nunha “gasopradeira”, encheron a tripa do cabalo e seguiron a súa aventura. Nunha fochanca do bosque, o cabalo pinchou, é dicir, mancou unha pata. Chamaron a “cabagrúa”, levouno e continuaron



Ilustración de Josep Rodés do libro *Batalla de naipes* de Kalandraka

andando e andando... ata que chegaron a unha gran cancela feita con dous bastos de pé. Entraron e resultou que a quen lle debía as moedas era á súa curmá, a Sota de Espadas, que estaba necesitada de cartos porque tiña tres fillos: Sota, Sotiño e Sotón.

Daniel Couto Iglesias
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)

Hai moito, moito tempo, había un castelo chamado o Castelo das Dúas Espadas, no que vivía un rei con dúas fillas. As fillas eran moi egoístas e querían todo para elas. A maior non lle prestaba nada a súa irmá pequena, nin sequera a roupa que non lle servía. O rei estaba moi desgustado porque pronto ía morrer e as súas pertenzas eran impares: as cinco copas. Pero elas non querían compartir. Un día o rei conseguiu algúns tesouros máis, catro espadas, pero as pertenzas seguían a ser impares. Aos dous días, o rei morreu e as fillas estaban tristes e nerviosas porque unha levaría en herdanza máis ca outra. Cando abriron a carta que o pai lles deixou quedaron abraidadas, porque dicía: “Ningunha das miñas pertenzas vos darei se non aprendedes a compartir”. Ás rapazas saltáronlles as bágoas, prometeron levarse ben, e o egoísmo desapareceu.

María Isabel Portela Tilve
(CEIP San Bieito de Lérez, 5º)

Nun día de outono, o rei Moediñas camiñaba dun lugar a outro, cando atopou un sitio que semellaba unha selva de ouro. Na porta da entrada atopou seis moedas e seis copas que concedían desexos. Adentrouse na selva coas seis copas e, nada máis chegar, quedou coa boca aberta cando, de súpeto, viu resplandecer unha luz. Era como unha carta preciosa con cinco espadas, cunha fermosa empuñadura de ouro e un gume tan bo que cortaba ata o ferro.

Foi adentrándose máis e máis, ata atopar un pozo negro como o carbón e cheo de serpes moi perigosas. Utilizou unha das súas copas para trasformalas en papel e así conseguiu pasar o obstáculo e conservar o resto das copas para os seus antollos.

Axel Javier Leis Lores
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)

Había unha vez unha rapaza moi pobre chamada Valeria á que lle gustaba moito cantar e actuar. Os seus pais traballaban limpando as escaleiras dos edificios e gañaban moi pouquiño, por iso Valeria cantaba polas rúas e gañaba unha moeda de bronce cada día. Unha vez, pasado moito tempo, cando tiña vinte anos, unha discográfica escoitouna e deulle unha oportunidade. Estaba contentísima por atopar ese traballo tan bo e, ao chegar á casa, chea de emoción, díxolles aos seus pais que ía ser cantante. Ao principio gañaba sete moedas de prata, pero cada vez ía a máis e pronto chegou a gañar sete moedas de ouro. Tiña máis fama ca ninguén, fíxose millonaria e estaba contentísima porque de pequena era moi pobre. Contratárona para varias películas e foi moi feliz.

Carla Recarey Alvite
(CEIP San Bieito de Lérez, 6º)

COLAXE XORNALÍSTICA

Xorde unha nova dimensión informativa a partir dos titulares da prensa diaria.

escolas infantís do AVE

Redacción Santo André de Xeve. O AVE é un tren que corre coma un paxaro. Como ás veces van moitos nenos e nenas no tren, decidiuse crear escolas infantís para que, mentres viaxan, poidan estudar e aprender. É unha boa noticia.

Ana María Prado Gómez, CORRESPONDENTE
(CEIP Santo André de Xeve, 5º)

OS ALUMNOS de Galicia RECLAMAN Betanzos

Redacción Santo André de Xeve. O goberno di que Betanzos é de Asturias. Non sabemos que pasará. Quérena porque hai unha terra “moi fértil”. Nas escolas non o van permitir. Están recollendo sinaturas por toda Galicia. En Asturias están de acordo niso; queren esa terra, eles tamén loitan por ela. Un neno na escola do CEIP Santo André de Xeve fai unha declaración:

-Non pensamos perder unha terra tan querida.

Mañá, ás 13:00, o alcalde da Coruña dará unha charla aos coruñeses; tamén está pensando traer xente de toda Galicia. Ata os galegos que viven no estranxeiro. Non o van consentir.

Andrea Sartier Solla, CORRESPONDENTE
(CEIP Santo André de Xeve, 5º)

o demo negocia un convenio co a Nasa


Redacción Santo André de Xeve. O demo fixo un negocio coa Nasa e díxolle: “Se o sábado non me dades un foguete ao inferno, imos destruír a Nasa”. Os negociadores fixeron o trato con el porque tiñan moito medo. A maioría da xente quere cerrar o trato, canto antes mellor, pero non entenden por que o demo quere un foguete. A maioría da xente pensa igual que o presidente, que se quere mudar do país. Aínda que o demo non está de acordo co seu amigo, outro demo terrorífico, porque este non quere un foguete, senón unha nave. A algúns nenos parécelles divertido porque nunca viran un demo, pero os pais dinlles que non é ningunha diversión, que lles pode destruír todas as casas que estean cerca da Nasa.

Nicolás Crespo, CORRESPONDENTE
(CEIP Santo André de Xeve, 6º)

NO CAMPAMENTO DE Arte de A CORUÑA

Redacción Santo André de Xeve. O novo campamento de Arte da Coruña, situado ao lado do campo de fútbol de Riazor, ofrece diversas actividades lúdicas, que se comezaron a facer en familia ou acompañados por un guía, que lles pode ensinar os distintos cadros do museo, o seu taller artístico e algunhas das súas fontes de inspiración. O encargado do museo asegura “que esta será unha gran fonte turística para A Coruña” e que “vale a pena visitalo, posto que é moi divertido”. Os rapaces máis pequenos, se queren, poden quedar na gardería do centro, debuxando, xogando ou vendo as diferentes películas infantís que hai.

Rubén Collazo, CORRESPONDENTE
(CEIP Santo André de Xeve, 6º)



Recupéranse novos episodios do pasado

As pescudas dos estudantes actualizan a historia da cidade

Na aldea de Pontevedra vivían moitas persoas ata que veu un home dun sitio descoñecido.

Non sabía de onde era, pero trouxo un segredo con el para a aldea. O segredo era unha estatua de pedra. Era un león con ás para protexer a aldea dos inimigos. As persoas estiveron protexidas dos inimigos dos romanos con aquel león con ás.

Fouzia El Hamdaoui
(CEP Marcos da Portela, 5ªA)

Conta a lenda que este animal fantástico veu de moi lonxe ata Pontevedra en busca de animais coma el, pois pensaba que na beira do río podería atopar un lugar fermoso para vivir.

Pasou moito tempo saltando de tellado en tellado na procura dos outros animais da súa especie. Un bo día, atopounos, pero eles non querían ir con el porque onde vivían coidábanos moi ben. Por esta razón, decidiron facer unha estatua que o recordase. Din que todas as noites berra furioso sobre o tellado onde se atopa.

Amanda Torres Vargas
(CEP Marcos da Portela, 5ªB)

Cando era moi cativo, o meu avó contoume unha historia de dous cans moi importantes.

Pertenceron a un cazador. O cazador era moi admirado pola súa experiencia no seu oficio. Un día foi cos cans ao monte e apareceu un oso moi grande, e quedou asustado, mais, nese momento, os cans lanzáronse contra o oso e vencérono. Para levalo de volta fixéronse nunha estrela fugaz e fixéronlles unha estatua coa estrela.

Neizam Rey López
(CEP Marcos da Portela, 5ªC)

Hai moito tempo existía un famoso carniceiro que vivía nunha aldea chamada Pontevedra. Toda a xente coñecía a Manolo, que así se chamaba. Manolo quería percorrer todo o mundo en busca doutro carniceiro que fixera un cordeiro tan bo e tan famoso coma o del.

Manolo marchou a Francia e alí encontrou un carniceiro moi bo e competiron. A quen gañara fariánlle unha estatua en Francia e outra en Pontevedra.

A competición empezou. O contrincante de Manolo tiña unha carne moi boa pero o cordeiro de Manolo era mellor e gañou.

O contrincante de Manolo marchou a outro lugar para conseguir o que alí non conseguira: ser o mellor.

En Pontevedra fixéronlle a estatua de Manolo e tamén en Francia. A estatua aínda está alí.

Paula Camiña Filgueira
(CEP Marcos da Portela, 5ªA)

Conta a lenda que, hai moito tempo, en Pontevedra, no museo, había unha figura de cinco persoas bailando. De fondo tiña como se fora terra recén labrada.

No centro bailaba unha muller, que era a gobernadora de Pontevedra, e a demais xente ao seu redor eran os fillos dela.

Cando fun visitar o museo e vin aquela figura, gustoume moito. Entón, ao día seguinte, levei os meus fillos e non lles gustou. Eu fixen unha figura parecida e leveina ao museo. Tanto lles gustou que quitaron a outra figura e puxeron a que eu fixera. Déronme duascenas pesetas.

Andrea Martínez Martínez
(CEP Marcos da Portela, 5ªB)



Hai moito tempo había un señor que se esforzaba moito e axudaba aos demais. Por exemplo, contan que unha vez fixo un libro moi interesante, tratábase dun libro que curaba enfermidades dos animais.

Era moi útil. Pasou un ano, e veu unha peste moi grande, e empezaron a enfermarse os animais todos. De súpeto, acordáronse daquel libro para curar as enfermidades dos animais.

A xente foi chamar o señor e curou a cada animal. Agradécéronllo. Pasou o tempo e o señor morreu.

A xente sempre o recordaba grazas a unha estatua que fixeron na súa honra.

Adrián Freire Antas
(CEP Marcos da Portela, 5ªC)

Hai moito tempo, en Pontevedra, esta peza milenaria usábase para enterrar os mortos.

Esta era a tumba que se usou para enterrar a Deimon, o xeneral do exército de Pontevedra na antiga era.

Este xeneral estivo retido no cárcere durante sete anos, ata que logrou escapar.


A súa vinganza consistiu en destruír a todos os que o retiveran.

Finalmente morreu e foi enterrado con esta peza máxica, para descansar en paz.

Pero, logrouno?

Diego Blanco Amoedo
(CEP Marcos da Portela, 5ªA)

Hai moitos anos, en Pontevedra, existiu un pirata chamado Benito Soto. Era moi perseguido en Pontevedra porque era un asasino en serie. Os ingleses tamén querían matalo, pero Benito Soto era moi listo e moi difícil de atrapar. O pirata foi atrapado e asasinado polos ingleses. E para recordalo fixeron esa estatua en Pontevedra.



Roi Iglesias Vicente
(CEP Marcos da Portela, 5ªB)



Un día, mentres paseaba cos meus pais, vimos unha estatua preciosa. Pedínlle ao meu pai que me contara a súa historia. El díxome que si.

“Hai moito tempo, nun país, vivía un pobre campesiño. Daba todo o que tiña polos seus irmáns, pero eles non lle facían caso. Un día, traballando, o neno, viu caer algo do ceo. Foi correr a ver que había. Cando chegou quedou sorrindo porque viu unha fada. Levouna á súa casa. Cando a fada acordou deulle as grazas por salvarlle a vida e díxolle que pedira un desexo. El díxolle que quería que os seus irmáns lle fixeran caso. Ela díxolle que claro, que si, e tamén fixo unha estatua coa súa cara. El púxose moi feliz e así foi como os seus irmáns lle fixeron caso.”

A min gustoume moito e pedínlle que me conte outra máis.

Kautor Khalafi
(CEP Marcos da Portela, 5ªC)



Había unha vez, hai moito tempo, un señor en Pontevedra. Era un señor de moita barba, había moitos anos que a deixara medrar. Desde pequeno sempre lle gustou ler e chegou a ler tanto que se fixo moi sabio. A xente non sabía ler. Algunha xente viña a xunta del e gustáballe o que el lles lía, e convidábaa a cear. En canto el empezou a falarlles, á xente gustoulle como era.



Entón, a xente decidiu facer unha estatua na súa honra.

David Miguélez Cao
(CEP Marcos da Portela, 5ªB)

Conta a lenda que, hai moito tempo, na aldea de Pontevedra, un gandeiro chamado Xosé tiña seis cabras. Unha mañá calquera, madrugou para muxir as súas cabras, pero levou unha sorpresa: as cabras non estaban!

Xosé, desesperado, buscou e buscou as súas cabras. Por fin as encontrou, pero estaban presas en gaiolas ao lado dunha casa enmeigada. O gandeiro entrou na casa e unha voz estridente enordeceuno dicindo:

-Se non me entregas as túas cabras morrerás antes de que o poidas imaxinar.

-Non, nunca che darei as miñas cabras- dixo Xosé.

Ao día seguinte o gandeiro empezou a encontrarse moi mal. De súpeto, un señor colleuno e inexplicamente convertiuno en pedra. Dise polas aldeas de Pontevedra que o da casa enmeigada segue a roubar cabras, pero, para que? Por que? Aínda é un misterio...

Linda Victoria Percinula Martínez
(CEP Marcos da Portela, 5ªB)



GALEGO Á BEIRA DO MAR

Un mozo solitario, ao rematar os seus estudos, adicouse a ser profesor na escola da vila. Cando non traballaba, pescaba coa axuda da súa barca e da súa cana. Gustáballe moito porque... como explicalo? Sentíase libre, co vento na cara, co bambám da barca... Ah! Era o mellor momento do día. Sempre ía de a casa ao colexio, do colexio ao porto... e así todos os días ata que se xubilou e pensou ir polo mundo coa súa barca e coa súa cana. Despediuse de todos e marchou. Pasaba os días pescando, pescaba moitísimos peixes que comía gustoso á cea, á merenda, ao almorzo, ao mediodía. Ata que chegou un día no que avistou unha illa e achegouse. Veu no mapa e a illa non aparecía nel. Xa era un descubridor!, pensou. Pero logo decatouse de que era unha illa habitada e buscou xente para ver de mercar roupa. Adentrouse máis e atopou a unha muller e a un home, e díxolles:

-Perdoen, onde está a cidade?

-Siga camiñando dereito... pero veña con nós no coche. Non creo que dea chegado a pé.

Chegaron á cidade e díxéronlle:

-Aquí está a tenda de señores maiores.

-Pero eu non son tan vello- dixo.

Cando se mirou no espello, veu un vello con roupa farrapenta. Estivera anos navegando!

Teresa Guerra
(CEIP San Martiño, 5ª)

Había unha vez un vello acróbata. Cando era pequeno vivía no circo, era a súa paixón. Viaxou por todo o mundo, de país en país, pasándoo xenial. Empezou sendo un axudante dos outros acróbatas (que foron os seus adestradores). Xa cando tiña once anos comezou saltando dende alturas baixas, coma os seus compañeiros. Seguiu viaxando e, ás veces, ía visitar a súa familia. Tiña dous irmáns, pero o seu avó sempre lle daba todo a el e, ás veces, os outros tiñan ciumes. Tivo moitos amigos e cando tivo vinte anos casou. A súa muller era alta, cos ollos verdes e moi fermosa. Un día tivo unha lesión que o deixou coxo para sempre. Deixou o circo e agora, de vello, anda nunha cadeira de rodas coa axuda da súa muller.

Clara Refojos Vidal
(CEIP San Martiño, 6ª)

Había unha vez un semáforo que tiña dentro unha mandrágora. A mandrágora evitaba que o semáforo acendera a luz vermella, polo que todos os coches chocaban e só había desgrazas. Ata que un día un neno decatouse do problema, colleu unhas pinzas, quitouna e todo volveu á normalidade.

Marcelino Vázquez Gallego
(CEIP San Martiño, 6ª)

O CARTAFOL EN IMAXES

CEP MARCOS DA PORTELA
 CEIP FROEBEL
 CEIP SAN BIEITO DE LÉREZ
 CEIP SAN MARTIÑO
 CEIP SANTO ANDRÉ DE XEVE



CEP
 MARCOS
 DA PORTELA
 curso
 5º C

PORTELA

04.05
 2011

MONTEPORREIRO

O patrimonio monumental foi a fonte de inspiración dos escolares de 5º do CEP Marcos da Portela para crear lendas sobre a historia da cidade. Os seus compañeiros de 6º practicaron a nobre arte da cociña literaria e da composición de versos baseados nas coplas tradicionais.

CEP
 MARCOS
 DA PORTELA
 curso
 5º A



Xornal escolar: PINGAS

Web/blog:
<http://centros.edu.xunta.es/cepmarcosdaportela/>
<http://marcosportela5a.blogspot.com/>
<http://trancasebarrancas.blogspot.com/>



05.05
 2011

MARTITEGUI

Xogando coas letras e coas palabras, os nenos e nenas de 6ºB reinventaron os topónimos de Pontevedra e reformularon os mitos fundacionais deses lugares. O alumnado de 5º emulou os antigos exploradores descubriendo novas especies de criaturas urbanas, como as que habitan no libro "Manual de calcetíns salvaxes".

CEIP
 FROEBEL
 curso
 6º



Xornal escolar: FROEBEL

Web/blog:
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfroebel/>
<http://ceipfroebel.blogspot.com/>
<http://ceipfroebel5.blogspot.com/>
<http://ceipfroebel2.blogspot.com/>

FROEBEL

CEIP
SAN BIEITO
curso
6º



SAN BIEITO

06.05
2011

LÉREZ

Un personaxe dos naipes. Un lugar imaxinario do universo da baralla. Unha aventura emocionante. Esas foron as claves do traballo creativo dos nenos e nenas de 5º e 6º do CEIP San Bieito de Lérez, que beberon das fontes literarias do libro "Batalla de naipes".

Xornal escolar: BARRIGA VERDE

Web/blog:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanbenitodelerez/>

<http://www.blogoteca.com/ceiplerez/>

CEIP
SAN BIEITO
curso
5º



CEIP
SAN MARTIÑO
curso
6º

11.05
2011

SALCEDO

A partir da escolla dunha palabra no dicionario, e coas ilustracións do libro "Galego á beira do mar", os rapaces e rapazas de 5º e 6º desenvolveron historias tenras, emocionantes e inxeniosas ambientadas nas ondas. Outros escolares mergulláronse nos versos de Rosalía de Castro para seren tamén poetas.

Xornal escolar: LUCEIRO

Web/blog:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanmartino/>

<http://falaengalego.blogspot.com/>

<http://salcedoteca.blogspot.com/>



CEIP
SAN MARTIÑO
curso
5º

SAN MARTIÑO



CEIP
SANTO ANDRÉ
curso
6º



12.05
2011

XEVE

...Titular, subtítulo, noticia. A prensa diaria proporciona ideas interesantes para reconstruír a actualidade cunha nota de fantasía. Xuntando palabras dunhas páxinas e doutras, os escolares 5º e 6º do CEIP Santo André de Xeve converteron a biblioteca nunha redacción xornalística alternativa.

Xornal escolar: O SOL DA MIÑOTEIRA, BOLETÍN TROULADAS

Web/blog:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsantoandredexeve/>

<http://www.blogoteca.com/colexeve/>

SANTO ANDRÉ

NOVOS TOPÓNIMOS



A Bota

Derivado de A Boca

Hai moito tempo, había unha aldea na que todos os seus habitantes ían descalzos, porque non sabían o que eran os zapatos. Un día chegou un señor que levaba “algo raro” nos pés. Todo o mundo lle preguntaba a aquel home que era aquilo. El contestoulles que se chamaba “bota”. Ademais, contoulles como se fabricaban. A todos os habitantes gustoulles a idea e comezaron a construír as súas botas. Por iso decidiron cambiarlle o nome á aldea. Pero un día chegou unha nena que non levaba botas, senón tenis. A todo o mundo lle gustou a idea. Ben, a todos non. Agora, para saber se estás na Bota, hai que fixarse no calzado dos seus habitantes; non hai máis que botas e tenis. Todos os días hai manifestacións de xente que quere manter o nome ou cambiálo a “Os Tenis”.

Marta Rúas Fernández
(CEIP Froebel, 6º)



San Amargo

Derivado de Santo Amaro

Hai moitos anos ocorreu unha historia moi interesante que vos vou contar: como se descubriu o azucre. San Amargo era unha pequena cidade onde todo era amargo: a comida era amarga, as persoas eran amargas... Un día, un home que pasaba pola rúa encontrou un sobre de azucre. Chamou a todos os veciños que estaban moi sorprendidos porque non sabían o que era, por iso cada persoa tomou un pouquiño e encantoulle. Pasaron uns segundos e, como o sobre de azucre lles encantara, quixeron

dicirlo ao alcalde. O alcalde probou o azucre e quixo saber a receita. Pasaron días ata que o conseguíu. Ninguén o podía crer, entón o alcalde construíu unha fábrica e de aí xurdiu o azucre.

Andrea Martínez Buceta
(CEIP Froebel, 6º)



Caramelos

Derivado de Cacabelos

Hai moitos anos, nunha aldea, os cidadáns tiñan moita fama grazas a que a aldea era a que máis doces tiña. Un bo día fóronse acabando os doces e o rei propuxo ir buscar máis. Os aldeáns aceptaron e foron buscalos, e por iso se chama Caramelos. Por esa época a aldea era a que máis caramelos tiña.

Mélodi Mª Otero Souto
(CEIP Froebel, 6º)



Pila Verde

Derivado de Vilaverde

Hai moito tempo, eu nin sequera nacera, ao meu avó, que era moi novo, mandábanlle ir sempre a comprar: comida, libros... O que pasaba era que tiña que ir unha e outra vez, porque non tiña idade para coller todas as bolsas dunha soa vez. El sempre quería facer outras cousas. Faláronlle unha vez dunha pila (de sabor a fresa) que se comía. Podía ser moi forte, máis alto e, coas chaves dun coche, levar a compra a casa. A pila encontrábase nun paquete de galletas, que odiaba especialmente. Despois de moito comer encontrou a pila, verde (o do sabor a fresa era mentira), pero o que máis lle

interesaba, é dicir, as chaves, si que era verdade. Desde ese momento sempre que vou xunta o meu avó a esa tenda, chamámoslle Pila Verde.

Raúl Rodríguez González
(CEIP Froebel, 6º)



O Repío

Derivado de O Pío

Había unha vez uns paxariños que piaban dúas veces ao día. Os cidadáns querían gozar máis deses harmoniosos píos. Un día, un cidadán decatouse de que en Galicia piaban máis os paxaros. Entón, decidiron facer as maletas e marchar. Ao chegar, nada máis oír ese “píos” alegráronse e quixeron quedar para sempre. Pero en dous días fartáronse e decidiron volver á súa terra. Despois nomearon a súa terra “O Repío”.

Constantino Manuel Fuentes
(CEIP Froebel, 6º)



Viva Margarida

Derivado de Santa Margarida

Había unha vez unha nena que era moi boa con toda a xente. A súa cidade non tiña nome. Pero un día moi triste... enfermou. Non se sabía cal era a súa enfermidade. Todos querían axudala. Déronlle cartos, fixéronlle a comida, etc... Despois dun tempo, curou. Todos celebraron unha festa e chamáronlle á cidade:

VIVA MARGARIDA!!

E dende entón todos intentan ser como Margarida e axudar a súa cidade.

Irene D. D.
(CEIP Froebel, 6º)



O Quinto Euro

Derivado de O Quinteiro

Hai moitos anos a xente estaba buscando nun sitio algo de diñeiro. O que pasou é que buscaban moedas, pero sempre encontraban billetes de cinco euros. Estaban fartos dos billetes, así que decidiron facer unha terra soamente cos billetes. E así o fixeron: as casas estaban feitas de diñeiro, as árbores sacaban billetes, a comida tiña forma de diñeiro... Pero faltaba algo! Faltaba o nome. Pensaron e decatáronse de que o billete de cinco euros era o quinto euro, así que o chamárono... o Quinto Euro!

Belén Fernández Rodríguez
(CEIP Froebel, 6º)



Imaxe cedida polo Concello de Pontevedra

COCIÑA CREATIVA

Entrante

LONGANIZA DE RISOS

A longaniza de risos faise con alguén que faga rir. Mentres ti ris, o teu compañeiro colle unha cámara fotográfica e sácache fotos mentres ris. Cando teñas as fotos, pícalas e mételas dentro dunha tripa con pemento picante. Logo, se queres, mételos nun cocido que chamarás Cocido Alegre.

Advertencia: se comes moito pódeche doer a mandíbula ou a barriga.

Alberto Melón de la Iglesia
(CEP Marcos da Portela, 6ºB)

Primeira prata

COMPOTA DE QUEIXAS

Vas a unha clase de primaria e quedas alí un momento. Tes que agardar a que o mestre poña os deberes e alí tes un montón de queixas. Abres unha bolsiña e esperas ata que se encha.

Ao chegar á casa ábrese a bolsiña, bótase nunha pota grande con auga e ponse a ferver 12 minutos.

Unha vez que as queixas estean tesas e húmidas, bótanselles algunhas hortalizas, ao teu gusto. Eu voulle botar tres pementos vermellos, unha cenoria e un pouco de perexil. E xa tes unha compota de queixas.

Daniel Rodríguez Havía
(CEP Marcos da Portela, 6ºB)

Segunda prata

PATA À LARANXA

Ingredientes para catro persoas: unhas sabas de franela con estampado de flores. Unha pata dunha cama de 1,50 por 2,00 m. Un folio pintado de cor laranxa. Tinta de boli para acompañar.

Preparación: Coller a pata da cama e metela na tixola, fritir durante dez minutos, coller o folio de cor laranxa e untalo na pata. Se a pata non queda impregnada na cor, coller un rotulador laranxa e pintar laranxas na pata.

Así, quedaralle un regustinho a laranxa e tamén unha boa presentación. Pódeselle botar por enriba tinta de boli, así coa mestura de sabores quedará unha pata multicolor.

Suxerencias: Servir nun prato con anaquiños de sabas de flores. O viño máis axeitado para acompañar este prato é o viño pinto (que teña as manchas verdes grandes). Cortar cunha serra (un coitelo non serve).

Advertencias: Non comer moito, nin todos os días, ou perigarán as mandíbulas.

Alba Lorenzo García
(CEP Marcos da Porela, 6ºB)

Sabremesa

GRANIZADO DE RECORDOS

Para facer o granizado boto recordos conxelados nun bote, machúcoos e derrétoos con recordos gordos e de sol. Para engadirlle sabores boto recordos de primavera e as cores do verán.

Pecho a porta pola noite e pola mañá collo os soños coa man.

Collo fotografías dos álbums e arrinco o que hai neles.

Collo os contos, córtalos e engádoos á cunca coa cinta de vídeo.

Conxelo todo nun recipiente. Espremo as fotos alegres e os vídeos tristes. Para engadirlle o zume bótalle un día de chuvia cos sabores alegres e tristes, e xa temos un granizado para primavera e verán.

Javier Noya Abilleira
(CEP Marcos da Portela, 6ºB)



POÉTICA

*O río de Pontevedra
ten catro peixes dourados,
cando os peixes van nadando
as ondiñas van bailando*

Copla colectiva
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Agora que veu a guerra
levaron os homes todos,
levan ao meu queridoño,
lévanme a vista dos ollos.

Agora que veu o vento
lévame as flores todas,
levoume a miña roseira
e quedaron só as pólas.

Nicolás Gil Grandal
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Neste lugarinho novo
amores hei de tomar,
ou na cima, ou no fondo,
ou no medio do lugar.

Nesta Pontevedra nova,
amigos hei de buscar,
ou na praia ou no centro,
eu tereinos que atopar.

Pablo Ferrín Lorenzo
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Este pandeiro que toco
non é meu qu'è de María,
que llo pedín emprestado
para ir á Romaría.

Esta frautiña que toco
deuma a túa filliña,
heilla devolver mañá,
ao vir da Ferrería.

Yaisa Pousada Iglesias
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Tres veces fun a Malpica
por ve-lo San Adrián.
Ai! Que bonitoño estaba
ca súa vara na man.

Ás once fun a Santiago,
á torre da catedral.
Ai! Que altiña que che estaba
coas súas belas campás.

Lourdes Castro Toucido
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Déronme un anel de ouro
e quen mo deu embarcou,
era a cousa máis bonita
que o mar de Vigo pasou.

Déronme un xersei de la
e quen mo deu foi ao mar,
era a cousa máis feitiña
que eu nunca tiven na man.

Melanie Fontases Pazos
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

As coplas tradicionais teñen unha estrutura interna e unha rima de seu que se foi transmitindo de xeración en xeración con pequenas variantes. Partindo duns versos orixinais, e aplicando a técnica rítmica axeitada, xorden unhas coplas xemelgas que destacan pola súa frescura creativa.




Ilustración de Anxo Pastor do libro
Escolma poética de Ramón Cabanillas, de Faktoria K

Para tocar a pandeireta
para tocar o pandeiro
nunca houbo nin pod'habere
com'a moxedá do Preiro.

Para debuxar unha planta
para debuxar a paisaxe,
sempre houbo un bo grupo
que o facía sen cansarse.

Pablo González Vidal
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

De Portugal me mandaron
unha camisa ben feita,
cun caravel encarnado
no puño da man dereita.

Estamos todos no paro,
non podemos agantar máis,
como non se solucione
traballaremos moito máis.

Aitor Agudo Lameira
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Quen serán aquelas mozas
que veñen pola baixada,
son as nenas de Barreiro
que aí veñen pá Cabana.

Quen serán aqueles mozos
que veñen pola subida,
son nenos de Cotobade
que veñen pola avenida.

Iván Cubela Fernández
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Se queres ir vai bailar,
se queres ir vai agora,
despois non vaias dicindo
que a foliada n'è boa.

Se queres ir vai cear,
se queres ir vai agora,
despois non vaias falar,
que a churrascada n'è boa.

Iván Graña Montes
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

O pandeiro toca ben,
as ferriñas danlle o son.
As rapazas que o tocan
elas de Sorribas son.

A frautiña toca ben,
e o aire dálle o son.
Os rapaces que a sopran
eles de Santiago son.

Carlos Fortunato Segade
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

Se che preguntan quen canta,
responde con alegría:
son as rapazas da vila
que veñen da romería.

Se che dixeran quen baila
ti nunca o saberías,
pois si que son coñecidos,
pero non da túa vila.

Miryam Garrido Santiago
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

As mociñas de Boado
cando van xuntas para misa
entran pola porta grande
parecen a flor de Galicia.

As árbores de Galicia,
cando moven as súa pólas,
entran as follas na misa,
parece que están tolas.

Laura Barros Garrido
(CEP Marcos da Portela, 6ºA)

VERSOS ROSALIANOS

Cando maxiño que es ida,
No mesmo sol te me amstras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Cando penso en ti,
noto bolboretas dentro de min,
ti eres branca como o xazmín,
i eres inqueda...
Coma a bolboretta
...en primavera.

Carla Aboal Barreiro
(CEIP San Martiño, 6º)

A un neno lle roubaron
o seu amor máis amado.
Ese neno denunciou
a ese rico corazón.
O neno así díxolle:
roubáronme, traidores,
ai! Uns amores toliños,
ai! Uns toliños amores.

Maika Zarillo Pesqueira
(CEIP San Martiño, 6º)

Cada estrela, o seu diamante;
cada nube, branca pluma,
triste a lúa marcha diante,
ledo o sol marcha detrás.
E os dous xuntiños van,
o sol sae polo día,
e a lúa pola noite,
cando as estrelas brillan.

Laura Ramos Muñoz
(CEIP San Martiño, 6º)

Vendéronlle o carro
i as leiras que tiña,
deixárono soio
coa roupa vestida.
Ía frío,
e chovía.
Non sabía
se era de día.
Estaba nubrado,
había tormenta,
e só tiña,
un pouco de menta.
Fíxose de noite,
non se vía a lúa
e el pensaba,
que pasará pola rúa?
Cando amenceu,
el correu,
e cando xa estaba na vila,
virou tolo de ledicia.

Clara Refofojos Vidal
(CEIP San Martiño, 6º)




kalandraka

Para saber máis conéctate a:
www.ocartafoldolerez.org

Coordina: Equipo de animación á lectura,
Kalandraka Editora
Organiza: Concello de Pontevedra e Kalandraka Editora
D.L.: PO 307-2010

Agradecemento aos centros pola súa colaboración:
CEIP Froebel, CEIP Santo André de Xeve,
CEIP San Martiño de Salcedo, CEIP San Bieito de Lérez,
CEP Marcos da Portela.

LIBROS RECOMENDADOS



Antoloxía poética
de CELSO EMILIO FERREIRO
Edición literaria de Ramón Nicolás.
Ilustracións de Baldo Ramos.

Faktoria K de Libros, 2008. Colección Trece Lúas.
50 páx. | 15 x 23,5 cm | ISBN 978-84-96957-30-5

Antoloxía poética
de RAMÓN CABANILLAS
Edición literaria de Luis Rei.
Ilustracións de Anxo Pastor.

Faktoria K de Libros, 2008. Colección Trece Lúas.
52 páx. | 15 x 23,5 cm | ISBN 978-84-8464-706-5

